



CIF: P-3202500-I

Concello de Celanova

Departamento de Cultura

Praza Maior, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)

Tfno.: 988.431481/431487 – Fax: 988.451623 – cultura.celanova@gmail.com

BASES PIÑATA 2017

O vindeiro sábado día **04 de marzo** terá lugar o **Sábado de Piñata 2017**, e como todos os anos o Concello de Celanova convoca o **Concurso de comparsas**.

BASES

1º) A participación implica a **aceptación das presentes bases** e está aberta a todas as asociacións de veciños, culturais, grupos, colexios,... As dúbidas serán resoltas no enderezo electrónico: celanovacarnaval@hotmail.com

Establécense catro modalidades:

Modalidade A: comparsas (máis de 15 persoas)

Modalidade B: grupos (15 persoas ou menos)

Modalidade C: parellas/tríos (2 ou 3 persoas)

Modalidade D: individual

2º) As inscricións presentaranse na **oficina de turismo** do Concello de Celanova en horario de luns a venres de 9:00 h. a 14:00 h, no teléfono da oficina **nº 988 43 22 01** ou no enderezo electrónico celanovacarnaval@hotmail.com. O prazo de inscrición rematará o venres día 03 de marzo ás 14.00 h. Todas aquelas solicitudes presentadas fora deste prazo non poderán optar ao premio por participación.

O Concello, por motivos de seguridade e de organización, resérvase o dereito de reducir ou ampliar o prazo de inscrición.

3º) Os participantes no desfile comprométese a responsabilizarse das accións ou omisións que se produzan durante o mesmo, **eximindo á organización** de calquera tipo de responsabilidade por ditos actos.

4º) Os participantes que leven carrozas, remolques ou outro tipo de vehículos serán **responsables dos mesmos** e das autorizacións que se lle puidesen requirir ó seu efecto, sendo responsables á súa vez da seguridade dos mesmos. Nos camións colocar "faldóns ríxidos" nas rodas a fin de evitar que ningunha persoa (sobre todo nenos/as) poidan meterse baixo as rodas.

Os participantes veranse obrigados a **comunicar as medidas da súa carroza** ou remolque á organización **no momento da inscrición** co fin de adoptar as oportunas medidas de seguridade. Todos os participantes do desfile adaptarán as súas estruturas ao trazado por onde transcorre o desfile.

5º) A organización **resérvase o dereito de participación** de Comparsas, Grupos ou Individuais, podendo en calquera momento variar estas bases por razóns de seguridade



CIF: P. 3202500-I

Concello de Celanova

Departamento de Cultura

Praza Maior, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)

Tfno.: 988.431481/431487 – Fax: 988.451623 – cultura.celanova@gmail.com

ou interese xeral, excluindo no momento ós que poñan en perigo a seguridade propia ou a de terceiros.

6º) Para optar ós premios é **obligatorio completar todo o percorrido** con un 90% do número total de participantes anotados inicialmente ata a súa finalización. O percorrido será o seguinte:

Comezo na Pedra da Moa (íranse colocando nesta rúa seguindo a orde que lles proporcionará a organización), **Avda. López Blanco, rúa Emilia Pardo Bazán, Praza Maior, rúa Fernández Losada, rúa Encarnación, Avda. San Rosendo, rúa Celso Emilio Ferreiro, rúa Emilia Pardo Bazán e remate na Praza Maior.**

Os participantes deben estar no lugar asignado pola organización ás 16.00h para proceder a súa colocación e comezar en hora o desfile. **O desfile dará comezo ás 17.00h.**

7º) A orde de desfile das comparsas seralle comunicado o día do desfile ás 12.00 h. e entregaráselles o número correspondente cando cheguen ó desfile. Así mesmo, e co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente, **o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto de orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso** (animais de todo tipo, petardos, bengalas,...).

8º) Cada comparsa terá un distintivo co seu nome, número de orde, na parte frontal da súa carroza.

9º) Queda **prohibido o uso de petardos, esprais ou lanzamento de obxectos perigosos ao público**, quedando excluídos do concurso os que incumpran este punto.

10º) As carrozas e comparsas poderán levar unha velocidade lenta para amosar o seu traballo, non podendo deterse no percorrido, salvo causa maior xustificada.

11º) Queda totalmente **prohibido levar calquera tipo de animal solto na comparsa**, quedando a organización capacitada para tomar calquer tipo de decisión sobre este aspecto por motivos de seguridade.

12º) O concurso de comparsas e grupos basearase nun **sistema de votacións** no que cada un dos membros do xurado (composto por membros das diferentes asociacións culturais do Concello de Celanova, representantes do Concello, da Mancomunidade e membros da organización) otorgue 10 puntos do 1 ó 10, sendo 1 a máis baixa e 10 a máis alta, ás comparsas/grupos que segundo o seu xuízo, sexan merecedoras de premio. Ó final de dita votación, os membros da organización procederán ó recuento de votos acadando así o primeiro premio á comparsa/grupo que máis votos reciba, o segundo premio á segunda máis votada e así sucesivamente ata a entrega de tódolos premios. **O xurado resérvase o dereito a descualificar aquelas persoas con disfraces que, ao seu xuízo, poidan resultar ofensivos, de dubidosa interpretación ou que non cumpran as normas que ao longo da comitiva vaia transmitindo o persoal da organización, que irá debidamente identificado.**



CIF: P. 3202500-I

Concello de Celanova

Departamento de Cultura

Praza Maior, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)

Tfno.: 988.431481/431487 – Fax: 988.451623 – cultura.celanova@gmail.com

13º) PREMIOS Á PARTICIPACIÓN :

Para que o premio poida facerse efectivo, é necesario que o representante da comparsa presente xunto coa solicitude o C.I.F. e número de conta da comparsa, así como a fotocopia do D.N.I. do representante e o nome da Asociación Cultural. Para os que resulten gañadores é imprescindible, para poder recoller o premio, que se presente o **Certificado de Conta da asociación nun prazo máximo de dez días despois do desfile.**

No caso de comparsas non constituídas como Asociación cultural, na solicitude autorizarán ao cobro por parte da persoa que designen responsable. Para que o premio poida facerse efectivo, é necesario que o representante da comparsa presente o seu DNI e un **número de conta do que sexa titular nun prazo máximo de dez días despois do desfile. (IMPORTANTE)**

Establécense os seguintes premios por participación:

MODALIDADE A	MODALIDADE B	MODALIDADE C	MODALIDADE D
1º premio 1000€	1º premio 300€	1º premio 120€	1º premio 50€
2º premio 500€ *	2º premio 200€	2º premio 80€	
3º premio 250€	3º premio 100€	3º premio 50€	
4º premio 150€			

*O 2º premio da Modalidade A será outorgado pola Mancomunidade Terra de Celanova

Será **obligatorio subir a recoller o premio disfrazado**, para amosar así o traballo realizado.

14º) Ós premios superiores a 300 euros procederase á retención do IRPF de acordo co establecido na lei 35/2006 do 28 de Novembro do IRPF e o RD 439/2007, do 30 de Marzo, do Regulamento do Imposto.

15 º) O feito de participar supón a plena aceptación das presentes bases. O incumprimento de ditas cláusulas dará lugar á falta de pagamento de compensacións comprendidas no artigo 13º.

16º) As **decisións do xurado son inapelables**, atendendo en todo momento calquer tipo de reclamación ó efecto de participación con opción a premio.

A ORGANIZACIÓN

O RESPONSABLE DO GRUPO